

## CORRECCIÓN DOS EXAMES DE ALUMNADO CON DISLEXIA

### 1. CRITERIOS XERAIS

1.1. As persoas correctoras deste tribunal, en todas as materias, saberán que se trata de exercicios realizados por alumnado con dislexia, mantendo o seu anonimato.

1.2. Os exames de todas as materias débense avaliar en función do contido.

1.3. En relación co disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre cualificación da proba de acceso do citado Real Decreto 534/2024, no que se refire á corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como segundo a súa presentación, aplicarase en toda a súa amplitude no caso das materias de linguas cooficiais e estranxeiras e unicamente no que a ortografía se refire no resto de materias para aqueles exercicios/tarefas que requiran a composición dun texto prolixo, co peso de ponderación recollido na seguinte táboa:

<b>Coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica e a súa presentación</b>	<b>Porcentaxes mínimos de aplicación no artigo 13.10 do Real Decreto 534/2024</b>
Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II,	20% da cualificación total outorgada ao exame. Naqueles territorios con varias linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección.
Lingua estranxeira II ou 2ª lingua estranxeira II	15% da cualificación total outorgada ao exame.
Resto de materias	10% da cualificación total outorgada ao exame.

Aplicarase proporcionalmente no caso do alumnado diagnosticado de dislexia e/ou disortografía ou outra discapacidade que afecte ao desenvolvemento da linguaxe, sempre que esta adaptación se gozase ao longo da etapa educativa inmediatamente anterior ao acceso á universidade, e previa solicitude á CiUG nos prazos establecidos, cando haxa resolución positiva da CiUG nese sentido.

### 2. CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA AS MATERIAS DE LINGUA GALEGA E LITERATURA II E LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II (20%)

2.1. As persoas correctoras deste tribunal das materias de **Lingua galega e literatura II, Lingua castelá e literatura II**, ademais dos criterios e pautas de corrección entregados pola persoa responsábel da materia correspondente, deberán ter en conta na corrección dos exames deste alumnado unhas pautas específicas referentes á ortografía.

#### 2.2. Pautas específicas relacionadas coa ortografía:

- Penalizar só unha vez por tipo os erros de ortografía básica que se describen no anexo.
- **Non** penalizar os erros de ortografía non descritos no anexo.

- Penalizar só un de cada cinco os erros de **acentuación**.

En canto a:

- erros de **segmentación** de palabras dentro da oración (unións e separacións incorrectas)
- erros de **inversión, rotación, substitución, adición ou omisión** de letras, sílabas ou palabras
- **signos de puntuación**

penalizaranse só un de cada tres erros repetidos.

Anexo	
Galego	Castelán
1. <i>r / rr</i>	1. <i>r / rr</i>
2. <i>bl cl fl gl pl / br cr gr pr</i>	2. <i>bl e br</i>
3. <i>m</i> diante de <i>b e p</i> .	3. <i>m</i> diante de <i>b e p</i> .
4. <i>ca que qui co cu / za ce ci zo zu</i>	4. <i>ca que qui co cu / za ce ci zo zu</i>
5. <i>ga gue gui go gu / ja ge gi jo ju / güe, güi</i>	5. <i>ga gue gui go gu / ja ge gi jo ju / güe, güi</i>
6. <i>ĩ</i> en copretéritos ( <i>oñamos, sañades</i> etc.)	6. <i>-d/-z</i>
7. pret. imperfectos <i>-aba</i>	7. tempos compostos: <i>ha ido</i> etc.
8. <b>haber</b>	8. pret. imperfectos <i>-aba</i>
9. <i>ll/y/i</i>	9. <b>haber</b>
10. <i>s/x</i>	10. <b>hacer</b>
11. <i>h</i>	11. <i>y/ll</i>
12. <i>v/b</i>	12. <i>s/x</i>
13. <i>nh</i> ( <i>unha, algunha</i> etc.)	13. <i>h</i>
14. Grupos <i>-cc- -ct-</i> (mantemento, redución, vocalización)	14. <i>v/b</i>

2.3. **O feito de que non penalicen todas as faltas cometidas non significa que non se deban corrixir.** Por tanto, a fin de poder aplicar correctamente estes criterios e poder facer unha valoración posterior, as persoas correctoras destas materias deberán marcar todas as faltas de ortografía detectadas no texto e a seguir aplicarán as penalizacións descritas no apartado anterior.

### 3. CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA AS MATERIAS DE LINGUA ESTRANXEIRA (15%)

#### 3.1. Lingua estranxeira: inglés

Nos criterios de corrección da proba de inglés a ortografía non se considera como un factor determinante que cumpra penalizar de xeito específico en todas as preguntas. Neste sentido, observaranse dous criterios dependentes do tipo de pregunta que se corrixa, nomeadamente:

- 1) Nos casos en que a pregunta requira **identificar e copiar** unha palabra ou expresión que apareza no texto ou **elixir e copiar** unha palabra ou expresión entre varias opcións proporcionadas, penalizaranse os erros ortográficos (isto é, o alumnado terá que copiar a palabra ou expresión de maneira correcta).
- 2) Nas preguntas onde se requira **produción escrita** por parte do alumnado (escrita de oracións ou textos), a ortografía será penalizada en dous casos, a saber:
  - 2.1. Cando leve aparellada a inintelixibilidade da palabra en cuestión ou, no seu caso, da oración onde esta apareza (caso dunha palabra non existente en lingua inglesa que non se poida reconstruír a partir da ortografía presentada).
  - 2.2. Cando a falta de ortografía leve aparellado un erro gramatical na oración (por exemplo, o non engadir o morfema de pasado *-ed* a un verbo regular nunha oración que requira dito tempo verbal).

Deste xeito, nas preguntas de produción valorárase o dominio de estruturas gramaticais, o uso de vocabulario axeitado, a comprensión, a cohesión e a coherencia.

### 3.2. Lingua estranxeira: francés

No exame de francés non se considera a ortografía como un factor determinante que cumpra penalizar de maneira especial. Porén, no caso de alumnado con dislexia aplicáranse como pautas específicas relacionadas coa ortografía os seguintes tres criterios:

1. Non penalizar os casos en que un mesmo son se transcribe con diferentes grafías, aínda que o erro gráfico poida dar lugar a incoherencias gramaticais:

<i>i/y</i>	<i>midi, Rémy</i>
<i>é, er, ez, ed, ai</i>	<i>bouché, boucher, nez, pied, mai</i>
<i>e [en síl·laba tancada], è, ê, ai, ei</i>	<i>sel, Hélène, rêve, aide, neige</i>
<i>eu, oeu</i>	<i>heure, oeuf</i>
<i>o, au, eau</i>	<i>bol, Paul, beau</i>
<i>in, ain, ein</i>	<i>cousin, main, plein</i>
<i>un, um</i>	<i>un, parfum</i>
<i>en, an</i>	<i>cent, ans</i>
<i>qu, k, c</i>	<i>kiosque, sac</i>
<i>f, ph</i>	<i>café, téléphone</i>
<i>ç, ss, ce, ci, ti, x</i>	<i>ça, aussi, ceci, station, dix</i>
<i>s, z, x</i>	<i>maison, douze, examen</i>
<i>je, ge</i>	<i>je, cage</i>

2. Non penalizar os casos en que una grafía non teña correlato fónico (é dicir, que non se pronuncie); por exemplo:

- a omisión da marca gráfica (que non fónica) de plural, quer sexa en substantivos ou adxectivos (*garçons, roux*) quer en conxugacións verbais (*ils regardent*). **Si se penalizarán**, por contra, os casos en que se produza unha distinción fónica entre o singular e o plural, por exemplo: *travail / travaux; il va / ils vont; le / les*.
- a omisión do chamado "e" caduco en final de palabra, tanto sexa en substantivos (*roue, arrivée, mode*) como en adxectivos (*grave*) ou en verbos (*il chante, il loue*).
- a omisión das consoantes oclusivas ou constrictivas en final de sílaba non pronunciadas (*coup, toit, pied, mis*).
- a omisión do "h" mudo ou aspirado: *homme, hauteur*.
- a omisión de acentos que no manifesten oposición fonolóxica: *île, château, hôtel*.
- a omisión do "r" final no infinitivo dos verbos do primeiro grupo (sempre e cando a grafía corresponda á mesma "realización fónica", sexa "e" aberto ou pechado): *chanté, chantez, chantais, chantait / chanter*.

3. Non penalizar as consoantes dobres (por exemplo, *p / pp*), agás que a duplicación consonántica manifeste unha oposición fónica, como *s / ss: case / casse*.

### 3.3. Língua estranxeira: portugués

No caso do Português Língua estrangeira serán tomadas en consideración as observacións da Asociación Portuguesa de Dislexia (<https://www.dislex.co.pt/>), quanto aos sinais de dislexia na escrita para a atención, detección e discriminación no seu caso por parte das persoas corretoras deses sinais nas probas:

- Dificultades na escrita, na fase de iniciación e ou de desenvolvemento;
- Dificuldade na asociación do som ao desenho da letra;
- Dificuldade na rechamada de palabras;
- Utilización de vocabulario restrito;
- Presenza de moitos erros ortográficos e sintáticos;
- Frases con palabras unidas ou separadas;
- Palabras con letras ou sílabas repetidas, ou colocadas antes ou despois do lugar correcto;
- Omisión ou adición de letras e sílabas (ex: libro-livo; batata-bata; flor-felore;);
- Ligazón ou separación de palabras ou sílabas (às veces-àsvezes; agora-a gora);
- Confusión de letras con sons próximos ou con desenho equivalente;
- Presenza de erros de concordancia en género e número ou tempo verbal;
- Non domina o uso de regras de puntuación;
- Desrespeita regras gráficas (uso da cedilha, do hífen, traços, letra maiúscula) ou de translineación;
- Dificuldade en exprimir as súas ideas, en iniciar e desenvolver unha composición;
- Dificuldade na organización das ideas no texto;
- Má calidade da caligrafía, letra rasurada, e irregular;

Para a corrección, e sempre que seja posible identificar os erros como atribuíveis à dislexia ou houber sospeita e probabilidade alta de que assim seja, serán levadas en conta as directrices do GUIA PARA APLICAÇÃO DE ADAPTAÇÕES NA REALIZAÇÃO DE PROVAS E EXAMES, da Dirección-Geral da Educación – Júri Nacional de Exames (2024).  
[/https://www.dge.mec.pt/sites/default/files/JNE/guia\\_das\\_adaptacoes\\_2024.pdf](https://www.dge.mec.pt/sites/default/files/JNE/guia_das_adaptacoes_2024.pdf).

Na súa FICHA A, disponibilizada polo JNE, que “constitui un instrumento creado para o efecto de non penalización na clasificación das probas finais de ciclo do ensino básico, das probas de equivalencia à frecuencia e dos exames finais nacionais do ensino secundario, realizados polo/as alumno/as con Dislexia e/ou con Perturbación da Linguagem”

Para a **Escrita** são estas:

#### 1.1.Troca de grafemas cujos fonemas são categorialmente próximos

e.g., troca entre consoantes fricativas (/f/, /v/; /s/, /z/; /j/, /z/); troca entre oclusivas (/p/, /t/, /k/, /b/, /d/, /g/); fato escrito vato (fricativas f/v); gripe escrito grite (oclusivas p/t)

#### 1.2.Omissão de acentuação gráfica

e.g. armário escrito armario

#### 1.3.Adición de acentuação gráfica

e.g., total escrito totál

#### 1.4.Troca de grafemas vocálicos com o mesmo valor fonémico

e.g., produto escrito pruduto; curioso escrito corioso

### **1.5.Omissão de letra(s)/grafema(s)**

e.g., caracol escrito carcol

### **1.6.Erros de CF-G regular contextual**

e.g., quinto escrito cinto

### **1.7.Omissão de marca de nasalização**

e.g., manhã escrito manha; António escrito Atónio

### **1.8.Erros por desconhecimento de regras contextuais e da sílaba tónica**

e.g., regra contextual para o uso da letra u para representar o fonema /u/ em sílabas tónicas (e.g., uva e Perú) e o uso de o para representar o fonema /u/ em sílaba átona final (e.g., gato e não gatu)

e.g., erros de identificação da sílaba tónica (e/ou desconhecimento das regras de acentuação):  
agua em vez de água, cafe em vez de café, mêdo em vez de medo, oculos em vez de óculos, avo em vez de avô, fôca em vez de foca, úva em vez de uva.

### **1.9. Erros por desconhecimento de regras morfológicas/morfossintáticas**

e.g., tolice escrito tolisse/ partisse escrito partice (o morfema -ice dá origem a nomes derivados de adjetivos (tolo/tolice), enquanto o morfema -isse origina o pretérito de tempos verbais (partir/partisse); laranjeira escrito lorangeira (a palavra laranja é escrita com a letra J, logo a palavra laranjeira deve escrever-se com a letra J).

### **1.10.Erros na escrita de dígrafos e encontros vocálicos (dígrafo e/ou ditongo e tritongo)**

e.g., ou escrito o; ei escrito ai; Uruguai escrito Urugoai

### **1.11. Erros na escrita de dígrafos consonânticos**

e.g., milho escrito minho; carro escrito caro; massa escrito masa

### **1.12. Erros decorrentes de redução vocálica – omissão de vogal**

e.g., telefone escrito tlefone; elefante escrito elfante

### **1.13. Erros atípicos**

e.g., jogo escrito jila

## **2. Produção escrita de frases e de texto 2.1. Vocabulário pouco vasto**

### **2.1. Vocabulário pouco vasto**

A quantidade e a riqueza do vocabulário é inferior à esperada para a faixa etária/ano de escolaridade.

### **2.2. Falta de organização, coesão e/ou coerência textual**

Carência de planeamento (geral e específico) na escrita textual. Ideias dispersas, sem encadeamento. Partes do texto são apresentadas sem ligação; e.g., o tema refere-se à Páscoa e surgem ideias desconetadas relacionadas com o Natal, que poderiam fazer

### **2.3. Construção frásica inadequada**

e.g., frases sintaticamente incorretas e/ou com lacunas gramaticais.

### **2.4. Erros por falta de conhecimento morfológico/morfossintático**

O coñecemento morfossintático refere-se ao coñecemento das regras de formación das palabras e da súa combinación en frases. O coñecemento da organización morfossintática é importante para a comprensión da lectura e muito importante para escribir con corrección. Exemplos de erros na escrita: comermos escrito comer-mos na frase “ É tradición comermos bacalhau no Natal”; comermos em vez de comer-mos na frase “ Trouxe mais dos meus chocolates, podés comer-mos”

**2.5. Estructuras morfossintáticas predominantemente simples**

e.g., as frases relativas (em particular as de objeto) ou na voz pasiva, mais difíceis de processar na lectura, são menos comuns na produción escrita, dada a súa dificultade.

**2.6. Carência de utilización de recursos estilísticos**

e.g., as frases e textos carecem de adjectivación e de enfatización; não recorre, ou desconhece, as potencialidades da língua para a expresión escrita creativa.

**3.4. Lingua estranxeira: alemán**

No caso de alumnado con dislexia non se penalizan os problemas relacionados coa caligrafía e aqueles erros debidos a confusións fonéticas onde se dean adicións ou omisións, substitucións, rotacións ou inversións. Por exemplo:

Höhle	Höle
ihm	im
rief	rif
sitzt	sizt
spielen	spilen
blickte	blikte
Quallen	Qualen
Mann	Man
fällt	felt
dir	dih
volle	fole
weg	wek
lobt	lodt

Tampouco se penalizan erros de segmentación de palabras (unións o separacións incorrectas), por exemplo:

Hochschule	Hoch Schule
Regenschirm	Regen Schirm
hör bitte	Horbitte
zurück	zu rück

Non se penalizan os erros relacionados coa escritura en maiúscula dos substantivos, sexan propios ou comúns, así como tampouco nas formas equivalentes a vostede e vostedes (*Sie, Ihnen*).

Por último, tampouco se consideran erros os signos de puntuación.

Nos exames de alumnado con dislexia, o foco estará máis na comprensión xeral, a estrutura de ideas e o vocabulario, que nos detalles ortográficos ou gramaticais.

### 3.5. Lingua estranxeira: italiano

- Penalizarase só unha vez por tipo os erros de ortografía básica.
- Penalizarase só unha vez por tipo os erros de acentuación.

O feito de que non penalicen todas as faltas cometidas non significa que non se deban corrixir. Por tanto, a fin de poder aplicar correctamente estes criterios e poder facer unha valoración posterior, marcaranse todas as faltas de ortografía detectadas no texto e a seguir aplicarán as penalizacións descritas no apartado anterior.